



## LISTA DE ASISTENTES

### EQUIPO DE GOBERNO:

Area Carracedo, Iván  
Cabeza Pereiro, M<sup>a</sup> Carmen  
Cidrás Pidre, José  
Gago Rodríguez, Alberto  
García Mateo, M<sup>a</sup> Del Carmen  
García Pino, Antonio  
González Pillado, Esther M<sup>a</sup>  
Hernández Sánchez, Jesús  
Membriela Iglesia, Pedro  
Montero Muñoz, María  
Reigosa Roger, Manuel Joaquín  
Sánchez Bermúdez, Ángel Manuel  
Vidal Andión, Antón

### DECANOS/DIRECTORES:

Cid Fernández, Xose Manuel  
Cruces Colado, Susana  
Garrido Valenzuela, Irene  
González Piñeiro, Luis  
Muñoz López, Luis  
Ortiz Torres, Luis  
Pereira Domínguez, Alejandro  
Sueiro Justel, Joaquín  
PDI-A:

Domínguez Martín, Jorge  
González Vázquez, Encarnación  
Legido Soto, José Luis  
Liz Marzán, Luis Manuel  
Ramos Cabrer, Manuel  
Rodríguez Berrocal, Francisco Javier

### PDI-B:

Diéguez Castrillón, M<sup>a</sup> Isabel  
Martínez Ínsua, Ana Elina  
Rodeiro Iglesias, Javier

### ESTUDANTES:

Araujo Otero, Uxía  
Campos Casal, Jacobo  
Fariñas Valiña, Iago  
Méndez Franco, Óscar

### PAS:

Bernal Gómez, Rosa  
CONSELLO SOCIAL:

### DESCULPAN ASISTENCIA:

Pousada Carballo, José María  
Vivas Martínez, Carlos  
Mollinedo Lois, Carlos

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 20 de novembro de dous mil sete, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e as 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da Reitoría

O martes, día 20 de novembro de 2007, ás 10:10 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede da acta da sesión ordinaria do día 3 de outubro de 2007.
2. Informe do reitor.
3. Resolución do recurso de alzada presentado pola alumno D. José Antonio Conde Tojo contra o acordo da Xunta da Escola Universitaria de Estudos Empresarias polo que se lle denegou a admisión a trámite da súa solicitude de avaliación curricular na materia “Matemáticas”.
4. Aprobación, se procede, das propostas de novos Programas Oficiais de Posgrao para o curso 2008/2009 e modificación, se procede, dos Programas Oficiais xa autorizados.
5. Aprobación, se procede, da proposta de normativa reguladora do procedemento para a tramitación e aprobación de convenios na Universidade de Vigo.
6. Aprobación, se procede, de modelos de convenio.
7. Aprobación, se procede, da participación da Universidade de Vigo na Fundación Centro Tecnolóxico da Carne e da Autenticidade Alimentaria de Galicia.

8. Aprobación, se procede, da participación da Universidade de Vigo no Consorcio Termigal.
9. Aprobación, se procede, de importes e aplicacións para a incorporación de remanentes de libre disposición.
10. Aprobación, se procede, de transferencias de crédito.
11. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio específico de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, relativo á distribución de fondos do programa de estruturación de unidades de investigación en Humanidades e Ciencias Sociais – Convenio de colaboración coa Secretaría Xeral de Emigración, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña para o desenvolvemento dun proxecto de información e difusión académica destinado ás colectividades de galegos residentes no exterior – Addenda ao convenio de colaboración coa Consellería de Innovación e Industria, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña para

o desenvolvemento de proxectos e actuacións de investigación e desenvolvemento en infraestruturas científico-tecnolóxicas – Convenio específico coa Universidade Federal de Uberlândia (Brasil).

## 12. Rogos e preguntas.

Iníciase a sesión coa comunicación do Sr. reitor da alteración da orde de discusión e, no seu caso, aprobación dos puntos 9 e 10 da orde do día que pasan a ocupar o lugar 3 e 4 debido á necesidade de ausentarse que ten a vicerreitora de Economía para asistir á Comisión de Seguimento do Plan de Financiamento que ten lugar en Santiago hoxe mesmo.

**Punto 1.-** Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 3 de outubro de 2007.

Apróbase por asentimento.

**Punto 2.-** Informe do reitor.

En primeiro lugar, informa ao Consello de Goberno da publicación do Acordo do Consello Universitario de Galicia titulado “Liñas xerais para a implantación dos estudos de Grao e Posgrao” e dalgúns aspectos de interese que del derivan.

Logo dun proceso de debate e emenda nas respectivas comunidades universitarias, este Acordo fixa as normas autonómicas para a realización en Galicia da reforma das titulacións aprobada o pasado mes de outubro no R.D. do Ministerio de Educación y Ciencia.

Seguidamente, comenta algúns dos puntos salientables que derivan das normas establecidas neste Acordo para a inmediata reforma dos Plans de Estudo :

- A reforma sustánciase en dúas grandes etapas :

- a) A primeira, ata 2010, estará centrada na reforma dos títulos actuais. Buscarase a viabilidade dos títulos nun sentido numérico, pero tamén académico, promovendo un debate sobre a reforma de toda a oferta a nivel do SUG, é dicir, forzando a existencia de acordos da Consellería de Educación coas 3 universidades do sistema.

- b) A segunda, a partir de 2010, comezará coa discusión sobre cómo completar a oferta de titulacións, é dicir, cómo completar a oferta no SUG.

- Para desenvolver a primeira etapa, á súa vez, o Acordo propón realizar a reforma das titulacións actuais en tres fases :

- a) A primeira fase está pensada para os títulos que queren ser reformados de inmediato para estar listos en setembro de 2008 e ser implantados xa no curso 2008-2009. Esta primeira fase define un período curtísimo para os cambios (ata o 15 de febreiro de 2008), podendo entrar nela solo as titulacións exclusivas dentro do SUG que teñan interese en bulir e adiantar a súa transformación ao novo modelo europeo. A exclusividade con viabilidade numérica non

xera ningunha discusión dentro do SUG. É unha oferta clara, que debe persistir no SUG, que non tropeza con ningún título preexistente e que pode, polo tanto, iniciar a reforma se o desexa. Pero, conscientes dos prazos perentorios e do traballo de transformación a realizar, debe quedar claro que se trata dunha decisión que debe adoptar cada titulación e cada universidade.

b) A segunda fase da reforma abarcará todo o ano 2008 e incluírá a todas as titulacións numericamente viables pero que suscitan algún problema de duplicidade dentro dunha mesma universidade ou no SUG. Son a maioría das titulacións existentes. Farase esta reforma durante 2008 para que sexa avaliada durante o primeiro semestre de 2009 e os novos plans de estudo poidan entrar en vigor en setembro de 2009, é dicir, para o curso 2009-2010.

Basicamente, o que se pide para estes títulos é a non duplicación nunha mesma universidade e especialización na medida do posible entre varias. En consecuencia :

- Non haberá varios títulos parecidos, con contidos substancialmente semellantes, nunha mesma Universidade. A solución neste caso será a dun solo título impartido en varios campus.
- E tratarase, na medida do posible, de promover a especialización dos títulos ofertados en diferentes universidades, admitindo a tal efecto propostas de títulos interuniversitarios e títulos agrupados , con tantas especializacións como títulos vellos se agrupen.

c) Por último, a terceira fase da reforma terá que ser abordada durante o ano 2009, de maneira que estea lista para o inicio do curso 2010-2011. Lembremos que en setembro de 2010 xa non poderemos matricular a novos alumnos nos títulos vellos.

Nesta última fase entrarán os títulos que acumulan problemas de viabilidade numérica e de repetición no SUG, o que presupón a necesidade de consensos máis amplos e difíciles. Non se nos escapa que esta fase practicamente conecta coa previsión de abrir o mapa de titulacións a partir de 2010. Polo tanto, sería posible, entendo eu, que se utilizase o novo mapa para resolver os problemas máis graves a resolver nesta etapa, sobre todo se implican a anulación dalgunhas das titulacións existentes.

No que á Universidade de Vigo respecta, estamos abordando o inicio deste proceso do seguinte xeito :

a) En primeiro lugar, estamos falando coas direccións dos centros con titulacións exclusivas e visitando estes centros para explicar estes cambios e informar da posibilidade que permite esta primeira fase lles acabo de comentar. Nestas xuntanzas avaliamos todos os pros e contras que supón abordar a reforma con rapidez, despexamos as dúbidas que podemos e deixamos que sexa logo cada titulación a que decida si desexa ou non aproveitar esa oportunidade.

b) En segundo lugar, empezaremos tamén a visitar ao resto de Centros para facer unha labor informativa semellante, aínda que non urxida por tanta premura.

c) E, mentres tanto, comezamos a elaborar a normativa interna da Universidade de Vigo para organizar este proceso de cambio, normativa que se quere traer a Consello de Goberno nalgunha das dúas seguintes xuntanzas deste órgano.

En segundo lugar, informa de dúas novidades normativas de interese relacionadas cos Posgraos:

- Por unha banda, a Xunta de Galicia ven de publicar unha convocatoria de axudas para másters oficiais. As axudas están centradas na matrícula e alcanzan os 500 euros.
- Por outra, o Ministerio de Educación publicou o mes pasado outra convocatoria de axudas, tamén dirixida á realización de másters, pero de maior alcance e entidade, porque:

Cubre todos os gastos que pode supor a realización dun máster (desprazamento, estancia, manutención, viaxes, documentación, materiais, etc.).

Pode alcanzar unha cifra de 24.000 euros.

Non depende de ningunha garantía real, habitualmente familiar, senón que a súa devolución está fiada á obtención de recursos polo solicitante no momento de comezar a súa vida laboral e acadar un nivel mínimo de ingresos.

As últimas noticias que nos chegan do Ministerio confirman o éxito desta liña de axuda, con máis de cinco mil solicitantes polo de agora.

En terceiro lugar, informa do nomeamento como vicexerente do Campus de Pontevedra de Dona Angeles Hermida Paredes.

En cuarto lugar, a proposta da Presidenta, infórmolles do nomeamento e constitución da Comisión Cualificadora de Documentos Administrativos, órgano colexiado previsto no Regulamento do Arquivo Universitario da Universidade de Vigo. A súa composición é a seguinte :

- Secretaria Xeral, ou persoa en quen delegue.
- Xefa da Sección do Arquivo : Dna. Aurora Maya Trujillo.
- Axudante de Arquivos, Bibliotecas e Museos : Dna. Paz Canduela
- Un letrado do Servizo de Asesoría Xurídica : D. Andrés Dapena Paz.
- Dous docentes: Dna. M<sup>a</sup> Antonia Arias Martínez, do Departamento de Dereito Público e Dna. Beatriz Vaquero Díaz, do Departamento de Historia, Arte e Xeografía.

E, por último, informa do calendario de convocatorias e dalgúns temas a resolver nelas para que teñan en conta as datas e consideren si poden ser do seu interese.

- Convocarase sesión ordinaria do Consello de Goberno case con toda seguridade para o día 18 de decembro, martes. Esta sesión incluírá dous puntos de especial importancia: a proposta de Orzamentos para 2008 e a proposta de nova Xerencia.

- Se propondrá á Mesa do Claustro facer unha convocatoria deste órgano para o día 20 de decembro, xoves. Entre outros asuntos, o reitor presentará nesa sesión o “Informe Anual do reitor” nos termos que establecen os Estatutos.
- Se está estudando tamén propondr á Mesa do Claustro unha sesión extraordinaria para os meses de xaneiro ou febreiro centrada exclusivamente no debate do Plan Estratégico da Universidade de Vigo. Esta última convocatoria se irase precisando un pouco mellor nas próximas datas.

Rematado o informe do reitor a Sra. Bernal intervén para preguntar se no informe do reitor non debería incorporarse unha postura da Universidade sobre a organización da festa de San Teleco o pasado venres, ao que resposta o reitor que esta cuestión debería planearse no punto de rogos e preguntas.

**Punto 9.-** Aprobación, se procede, de importes e aplicacións para a incorporación de remanentes de libre disposición.

Cédese a palabra á vicerreitora de Economía quen expón os seguintes importes e aplicación para a incorporación de remanentes de libre disposición, xa informados favorablemente pola comisión de Economía do 6 de novembro.

Programa 214 K “Relacións Institucionais”

0000 214K 226.02 (Publicidade e Propaganda)	150.000,00€
REMANENTE APLICADO AO PROGRAMA 214 K	150.000,00€

Programa 122T “CACTI”

0022 122T 215 (Reparación equipamento)	100.000,00€
0022 122T 625.01 (Mobiliario e equipamento)	5.000,00€
0022 122T 221.01 (Subministración servizos administrativos)	40.000,00€
REMANENTE APLICADO Ó PROGRAMA 122 T	145.000,00€
<u>IMPORTE TOTAL APLICADO</u>	<u>295.000,00€</u>

Apróbanse por asentimento.

**Punto 10.-** Aprobación, se procede, de transferencias de crédito.

Cédese a palabra á vicerreitora de Economía expón as seguintes transferencias de crédito, sinalando que estas transferencias non pasaron pola Comisión de Economía debido a un erro de interpretación da normativa e se traen directamente a este Consello para a súa aprobación.

- Da 2007 0033 122F 482.30 á 2007 0022 122T 482.08..... 20.000 €
- Da 2007 0033 122F 482.30 á 2007 0044 300S 482.20..... 11.500 €

Apróbase por asentimento.

**Punto 3.-** Resolución do recurso de alzada presentado pola alumno D. José Antonio Conde Tojo contra o acordo da Xunta da Escola Universitaria de Estudos Empresarias polo que se lle denegou a admisión a trámite da súa solicitude de avaliación curricular na materia “Matemáticas”.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen sinala que a COAP, na súa reunión do pasado 14 de novembro, elaborou informe favorable sustentado no feito de que a cualificación media do alumno na materia iguala a nota de corte que a COAP establece en función da porcentaxe de aprobados da mesma nos últimos cinco cursos.

Apróbase por asentimento o informe favorable.

**Punto 4.-** Aprobación, se procede, das propostas de novos Programas Oficiais de Posgrao para o curso 2008/2009.

Cédese a palabra á vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea quen fai un resumo das propostas que se presentan, en concreto, 19 novas propostas de títulos de máster, das que 18 teñen perfil profesionalizante e 1 investigador. Dos profesionalizantes, 11 son propios da Universidade de Vigo, 1 internacional coa Universidade de Minho-Portugal e 6 interuniversitarios con Universidades do SUG (2 deles coordinados pola Universidade de Vigo). Por outra banda, e en cumprimento do Decreto 66/2007 da Xunta de Galicia, tamén alude ás modificacións que se presentan en 3 POP actualmente autorizados que requiren de novo proceso de autorización.

A proposta que se fai pola vicerreitora é refrendar o acordo da Comisión de Estudos de Posgrao reflectida no **anexo I**.

A proposta deste ano reforza o carácter de máster profesionalizante dos máster da Universidade de Vigo, cunha duración de 60 créditos ECTS e unha considerable participación de empresas e institucións para a realización de prácticas.

Intervén o Prof. Legido para sinalar que coa nova proposta o número de másters aumenta nun número equivalente ao que xa temos de xeito que chegamos a cerca de 30 e sen embargo, seguimos tendo problemas administrativos e de xestión, o que vai supoñer dificultades no día a día. Quere saber se se tivo en conta todo isto. A maiores pregunta cantos másters teñen as outras Universidades do SUG.

A vicerreitora resposta que a oferta de masters é complementaria da oferta de grao. O obxectivo é que todos os centros teñan cuberta a oferta de grao e posgrao, e polo momento aínda non se cumpre isto, o tope o establecerá o xogo da oferta e a demanda. No que atinxe á xestión, existen problemas pero estase traballando para darlles solución, sempre dende o punto de vista da descentralización cara os centros e desenvolvemento dunha nova aplicación informática.

No relativo á oferta de másters das outras universidades do SUG, cara este ano a Universidade de Santiago e a Universidade da Coruña presentan menos propostas que a Universidade de Vigo, de xeito que as tres universidades están converxendo a números similares.

O Prof. Legido intervén novamente para sinalar que cara o futuro existe un problema co terceiro ciclo porque todos pensamos na transformación dos programas. Así, se está facendo unha oferta de 30 másters pero no próximo curso moitos programas de terceiro ciclo estarán programando a súa transformación e terá que existir un plantexamento de qué se vai facer co terceiro ciclo.

A Vicerreitora de Titulacións resposta que debe iniciarse o proceso de refundación de programas de doutoramento, e non fala de transformación. Debe falarse de que programas queremos para formar doutores.

O Prof. Sueiro intervén para preguntar se o Máster de Educación de Ourense pertence ao ámbito humanístico ou ao xurídico-social, porque agora o grao de educación forma parte do ámbito xuridico social.

A vicerreitora resposta que é un erro e así se reflectirá no texto.

O reitor manifesta que, con respecto á oferta de posgrao, faltan dou filtros: dun lado, a ACSUG, que si é positivo non hai motivo para non deixar que siga adiante; doutro lado, o segundo filtro é a matrícula mínima que se esixe para a viabilidade do máster. No que atinxe ao doutoramento, aínda falta disposición sobre o mesmo, o que significa que haberá nova prorroga sobre o mesmo

Apróbase por asentimento a proposta refrendada pola CEP.

**Punto 5.-** Aprobación, se procede, da proposta de normativa reguladora do procedemento para a tramitación e aprobación de convenios na Universidade de Vigo.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que a LOU no seu artigo 2 considera que é parte esencial da autonomía das universidades o establecemento de relacións con outras entidades para a promoción e desenvolvemento dos seus fins institucionais. Esta facultade recoñecese á nosa Universidade no art. 6.n) dos Estatutos.

Na actualidade non existe unha normativa que estableza a iniciativa, procedemento e requisitos para a sinatura dun convenio, que garanta a oportunidade e legalidade dos que se pretendan asinar. De aí a necesidade dunha normativa propia da Universidade de Vigo.

A normativa que se presenta aos membros do Consello de Goberno é aplicable aos convenios de colaboración que subscriba a Universidade de Vigo tanto con entidades de dereito público como con persoas de dereito privado, nacionais ou estranxeiras.

Seguidamente, fai un resumo das disposicións da normativa, destacando o contido concreto que se esixe a todo o convenio e o procedemento xeral para a aprobación dos convenios.

Apróbase por asentimento a normativa que se recolle no **anexo II**.

**Punto 6.-** Aprobación, se procede, de modelos de convenio.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que de acordo co establecido na normativa de convenios, o Consello de Goberno pode aprobar modelos de convenio-tipo que, dunha parte, aseguren a uniformidade da actuación da Universidade nunha mesma materia e, doutra, axilicen a tramitación do convenio.

Os modelos tipo que se presentan para a súa aprobación son os seguintes:

- Convenio marco de colaboración.
- Convenio específico de colaboración para o intercambio de estudantes. Hai un erro na cláusula 12, porque se fai referencia á que este convenio ten unha duración de tres anos, cando o mais axeitado é que a prórroga sexa automática, para evitar ter que asinar o convenio cando chegue a súa data de vencemento.
- Convenio específico de colaboración para o recoñecemento de créditos de libre elección.
- Convenio específico de colaboración para a organización de cursos de extensión universitaria.
- Convenio específico de colaboración entre as tres Universidades Galegas para a aprobación de plan de estudos de prograio interuniversitario.
- Convenio de cooperación educativa para a realización de prácticas preprofesionais.

Apróbase por asentimento a normativa que se recolle como **anexo III**.

**Punto 7.-** Aprobación, se procede, da participación da Universidade de Vigo na Fundación Centro Tecnolóxico da Carne e da Autenticidade Alimentaria de Galicia.

Toma a palabra o reitor para sinalar que se trata dunha fundación de interese galego que ten por obxecto contribuír ao fortalecemento, potenciación, crecemento e mellora da competitividade na industria agroalimentaria, en xeral, e cárnica, en particular, de Galicia, como un dos sectores estratéxicos máis importantes do país, mediante a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico. De forma prioritaria, este obxecto concretarase na construción, dotación de recursos, posta en marcha, organización e xestión do Centro Tecnolóxico da Carne e da Autenticidade Alimentaria de Galicia.

O padroado estará formado por:



- a) Ata un número máximo de dez Patróns designados por la Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia.
- b) Ata un número máximo de dous Patróns designados pola Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia.
- c) Ata un número máximo de dous Patróns designados polo Instituto Galego da Calidade Alimentaria (INGACAL).
- d) Ata un máximo de dous Patróns en representación da Universidade de Vigo.
- e) Ata un número máximo de catro Patróns en representación del sector empresarial.

A proposta dos Patróns en representación da Universidade de Vigo é: D. Lorenzo Pastrana Castro, director do CITI de Ourense e D. Juan Francisco Gálvez Gálvez, vicerreitor do Campus de Ourense.

Apróbase por asentimento.

**Punto 8.-** Aprobación, se procede, da participación da Universidade de Vigo no Consorcio Termigal.

Toma a palabra o reitor para sinalar que o Consorcio Termigal é o ente coordinador das actividades terminolóxicas relativas á lingua galega, e está inicialmente integrado pola Xunta de Galicia, representada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, a Real Academia Galega, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo.

As súas funcións específicas son:

- a) Planificar e coordinar a investigación terminolóxica en lingua galega.
- b) Elaborar os recursos terminolóxicos necesarios para facilitar a normalización do galego nos ámbitos científico, técnico e socioeconómico.
- c) Fomentar a difusión dos recursos terminolóxicos con publicacións actualizadas

O Consello de Dirección estará integrado por:

- a) A persoa titular do órgano competente en materia de Política Lingüística da Xunta de Galicia ou persoa en quen delegue, que exercerá de presidente/a.
- b) A persoa que ocupe a presidencia da Real Academia Galega ou membro desta institución en quen delegue, que exercerá de vicepresidente/a.
- c) Cinco persoas, en representación da Xunta de Galicia. Serán designadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística e as consellerías que se determinen.
- d) Unha persoa, en representación da Real Academia Galega, designada pola Presidencia desta institución.
- e) Unha persoa, en representación da Universidade de Santiago de Compostela, designada polo Reitorado desta institución.
- f) Unha persoa, en representación da Universidade da Coruña, designada polo Reitorado desta institución.
- g) Unha persoa, en representación da Universidade de Vigo, designada polo Reitorado desta institución.

Propónse como representante da Universidade de Vigo no Consello de Dirección do Consorcio Termigal ao Prof. Xosé Henrique Costas González (Director do Servizo de Normalización Lingüística).

Implica para a Universidade de Vigo, unha aportación de 10.000 €.

Apróbase por asentimento.

**Punto 11.-** Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio específico de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, relativo á distribución de fondos do programa de estruturación de unidades de investigación en Humanidades e Ciencias Sociais – Convenio de colaboración coa Secretaría Xeral de Emigración, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña para o desenvolvemento dun proxecto de información e difusión académica destinado ás colectividades de galegos residentes no exterior – Addenda ao convenio de colaboración coa Consellería de Innovación e Industria, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña para o desenvolvemento de proxectos e actuacións de investigación e desenvolvemento en infraestruturas científico-tecnolóxicas – Convenio específico coa Universidade Federal de Uberlândia (Brasil).

Apróbase por asentimento.

**Punto 12.-** Rogos e preguntas.

Intervén en primeiro lugar o vicerreitor de Planificación para contestar á interpelación presentada na última sesión de Consello de Goberno sobre o peche da Biblioteca de Ourense antes de hora oficial de peche, as nove horas, sinalando que, non hai constancia dese tipo de actuacións, salvo que se trate de algo puntual. Anuncia a maiores que o director da Biblioteca está facendo un estudo de como se cobren as horas extraordinarias nocturnas e de fin de semana en outras universidades, para despois poder facer unha proposta sobre a apertura da biblioteca.

Seguidamente intervén a Sra. Bernal para sinalar que a súa intervención non é nin un rogo nin unha pregunta, senón que entende que cando ocorre un feito chamativo, como é o botellón do pasado venres no campus, que aparece en primeira páxina da prensa, o reitor tería que dicir algo no seu informe.

O reitor resposta que se puxo en contacto cos organizadores, que consideran que o titular da prensa é falso e están pedindo aos medios unha rectificación. De todos os xeitos se isto se converte nun problema, haberá que tomar unha decisión ao respecto.

O Prof. Sueiro opina que debe prohibirse o botellón porque nos medios aparece a universidade como organizadora e, con independencia da veracidade da noticia, o campus non é o ámbito para a celebración de este tipo de actos. Polo que pide formalmente que o Goberno da Universidade de Vigo prohiba a celebración do botellón.

Intervén a Sra. Araújo para manifestar que a prohibición non é a solución, senón que a universidade ten que promover ocio alternativo. Aproveita a súa intervención para referirse ao tema do estado das pasarelas, en concreto a que comunica a biblioteca da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais co salón de actos.

O vicerreitor de Planificación resposta que neste momento está en estudo a reforma da pasarela.

Intervén o Sr. Fariñas para sinalar, en relación ao botellón, que a prohibición non é a mellor opción posto que se trata dunha festa universitaria que é un referente en toda a universidade.

En relación ao tema da biblioteca replica que a súa petición é de ampliación de horario porque a biblioteca pecha antes que os centros que o fan ás 22 horas ou que as instalacións deportivas.

O vicerreitor de Planificación contesta que a partir das 21 horas se trata de horas extraordinarias e que ten que facer a consulta para ver se é posible atopar unha solución para todas as cuestións de horario da biblioteca.

O Sr. Campos intervén tamén en relación ao tema da festa de San Teleco para restarlle importancia sinalando que este ano ten ocorrido o de sempre pero a prensa lle deu un trato distinto.

O Prof. Ramos fai unha pregunta sobre o informe do reitor, en concreto sobre se existe algunha novidade sobre as atribucións profesionais.

O reitor resposta que non hai novidades no ámbito das enxeñarías, ao que engade o Prof. González Piñeiro que o 27 deste mes se reunirán o Ministerio e os colexios para falar do tema.

Tamén en relación ao informe do reitor manifesta o Prof. Legido que si en setembro de 2008 se ten que poñer en marcha un grao, deberíamos estar movéndonos todos, sendo a primeira decisión se se vai poñer en marcha algunha titulación ou non, pero entende que o mellor é esperar. A maiores pregunta o Prof. Legido a quen corresponde a decisión sobre a implantación de créditos ECTS.

O reitor resposta que é a Comunidade Autónoma a que tomará a decisión porque é quen vai pagar, de xeito que cando se siga o procedemento de implantación será a Xunta quen estableza a financiación.

O Prof. Legido presenta o problema dos recursos humanos para por en marcha o grao e se pregunta se serán os existentes e quen será o que decida quen imparte a docencia de grao tendo en conta que non existe adscrición de materias as áreas. Se refire tamén ao tema dos ámbitos e as consecuencias que ten para as titulación dun ámbito que se inicie un grao no mesmo.

O reitor resposta que efectivamente existen moitas dificultades para por en marcha un grao neste momento e por iso non hai problema se non se quere entrar nesta primeira fase, agora ben, se algún centro entende que debe facelo, dende a Reitoría se lle dará todo o apoio necesario.

A vicerreitora de Titulacións refrenda o sinalado polo reitor e engade que as titulacións exclusivas teñen que valorar se queren ir a este ritmo forte, pero en todo caso, no 2008 todas as titulacións deben estar a traballar nos novos plans. Agora ben, se neste momento inicial non se chega a un acordo no ámbito haberá que esperar.

Intervén novamente o Prof. Legido para transmitir unha cuestión suscitada no departamento de física aplicada onde están preocupados pola titulación de física debido ao número de alumnos e queren coñecer a posición do reitor.

O reitor resposta que ás veces existe un distanciamento co que din as normas e neste caso, desde ese centro non se aportou ningunha emenda á proposta da norma da Xunta que establecía un mínimo de 25 alumnos. No texto final do documento da Xunta establecece que as titulacións que non chegan a ese mínimo de 25 deberá transformarse e presentar un plan de viabilidade. Este texto foi consecuencia dunha emenda presentada polas Universidades de Vigo e Coruña.

O Sr. Fariñas fai un rogo relativo á posibilidade de que no curso que ven o período de exames se poida ampliar para poder espazar os exames.

A Secretaria Xeral resposta que a normativa vixente esixe que o cuadrimestres teñan un número de semanas concreta e que o calendario está axustado a esa normativa co que ve difícil que se poida modificar. De todos os xeitos, toma nota da petición para o ano que ven.

O Prof. Sueiro, en relación á elaboración de novos plan adaptados sinala que noutras universidades se constituíu unha comisión delegada do Consello de Goberno para centralizar este tema pois existen cuestións comúns que sobrepasan o límite dunha facultade, como ocorre nos supostos de titulacións mixtas que exceden o que é unha xunta de centro. Tamén noutras universidades se acude a asesoría externa do sector social, con informes de expertos.

O reitor resposta que existe un órgano de coordinación na Xunta o que obriga a que as tres universidades estean en comunicación permanente e a Xunta quere controlar o tema e que non existan titulacións novas. Polo tanto, pensar en titulacións novas neste momento é un erro porque diso se terá que falar no 2010.

No relativo á avaliación externa, o reitor adianta algunhas ideas, como a posibilidade de que algún membro do Consello Social formen parte da correspondente comisión, así algún egresado e asesores externos. Conclúe o reitor recordando que hai outros filtros: ACSUG e ANECA.

Intervén o Prof. Muñoz para preguntar cal é a postura da Xunta sobre a posible modificación do calendario académico, posto que isto suporía un cambio normativo forte.

O reitor resposta que xa se está pensando no tema por parte da Xunta, o MEC e a CRUE, pero esta afecta a todas as autoridades educativas de todo o sistema educativo no seu conxunto.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:10 horas do día 20 de novembro de 2007 da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e prace do reitor

O reitor

A secretaria xeral

Alberto Gago Rodríguez

Esther M<sup>a</sup> González Pillado